



## AVISO

### Programa de axuda ás actuacións de mellora de eficiencia enerxética en vivendas

O Instituto Galego de Vivenda e Solo publicou no Diario Oficial de Galicia o 3 de marzo de 2022 a Resolución do 18 de febreiro de 2022 pola que se convoca o Programa de axuda ás actuacións de mellora da eficiencia enerxética en vivendas do Plan de Recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea-NextGenerationUE, para o ano 2022, con carácter plurianual (VI406E).

**Prazo de presentación: Ata o 14 de outubro de 2022**

#### Beneficiarios

Persoas físicas propietarias, usufrutuarias ou arrendatarias de vivendas.

#### Actuacións subvencionables

Actuacións destinadas a conseguir unha redución da demanda enerxética global de calefacción e refrixeración de, polo menos, o 7%; ou unha redución do consumo de enerxía primaria non renovable de, polo menos, un 30%.

**Non serán subvencionables as actuacións de investimento en xeradores térmicos que utilicen combustible de orixe fósil.**

#### Contía da axuda:

A contía da axuda será do 40% do custo da actuación, cun límite de 3.000 €.

#### Documentación a presentar

- Documentación que acredite a titularidade da vivenda ou aluguer da mesma.
- Proxecto da actuación ou, de ser o caso, memoria xustificativa.
- Certificado de eficiencia enerxética da vivenda.
- Solicitud de licenza ou comunicación previa.
- Orzamento da actuación (que inclúa o IVE).
- Reportaxe fotográfica.
- Avaliación favorable de adecuación ou declaración responsable (Anexo IV) do cumprimento do principio de “non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente”
- Anexos V e VI publicados na convocatoria.

\*As solicitudes que no momento da súa presentación non vaian acompañadas do proxecto de actuación ou, de ser o caso, da memoria xustificativa e do certificado de eficiencia enerxética serán automaticamente inadmitidas.

#### Enlace á convocatoria:

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220303/AnuncioC3Q2-180222-0002\\_es.pdf](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220303/AnuncioC3Q2-180222-0002_es.pdf)

No Pereiro de Aguiar, na data da sinatura electrónica.

O alcalde, Luís Menor Pérez.

